



O Proxecto



WEBS DINÁMICAS PARA CENTROS EDUCATIVOS

Burela, Abril-Maio de 2011

Proxecto Webs dinámicas

Este proxecto consiste en ofrecer a os centros educativos preinstaladas no seu espazo web un conxunto de aplicacións que lles permitirá construír os seus portais educativos e aulas virtuais dun xeito sinxelo en contorno web.

Actualmente as ferramentas preinstaladas son **Drupal**, **Coppermine** e **Moodle** (orixinarimente tamén se realizaba a instalación de phpWebQuest, que se deixou de empregar neste proxecto por problemas de seguridade).

Os centros adscritos ao proxecto terán a máis da instalación o asesoramento "in situ" para a posta en marcha inicial do proxecto por parte dos asesores da Subdirección Xeral de Sistemas Informáticos (asesores ABALAR/SIEGA).

Dispoñen tamén dun portal de referencia, <http://www.edu.xunta.es/centros/websdinamicas>, no que a comunidade de centros conta con [foros](#), [talleres](#) ou mensaxería para solucionar calquera cuestión relacionada co tema.

É tamén a propia consellería quen se encarga do mantemento e actualizacións das aplicacións a novas versións.

Nos centros educativos deberá existir un grupo de profesores que farán as funcións de administradores dos espazos no centro. Estas persoas serán as encargadas de, por exemplo, dar de alta aos novos usuarios que desexen empregar as ferramentas e, tamén, dar de baixa das mesmas aos que xa non formen parte do centro, definir a estrutura das páxina, dar permisos aos usuarios, etc.

Neste curso veremos os apartados relevantes a este tipo de perfil: os administradores das ferramentas do proxecto Webs Dinámicas do centro educativo.